



CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE GALICIA



Co financiamento de:



CURSO DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

(Específico Construción - Homologado FCL)

Obxectivos do curso:

En novembro de 1995 publicábase en España a Lei de Prevención de Riscos Laborais. Tras ela, publicáronse un bo número de Regulamentos que facilitaron o seu desenvolvemento e aplicación práctica.

Este novo marco normativo introduce por primeira vez unha nova cultura preventiva, concepto practicamente descoñecido ata a data no noso país. É certo que existía unha vasta lexislación que protexía ao traballador que sufría un dano, xa fose un accidente ou unha enfermidade a consecuencia do seu traballo. Con todo, a partir da Lei de Prevención de Riscos Laborais, esa protección considérase insuficiente; o obxectivo primordial pasa a ser previr, é dicir, evitar que o traballador resulte danado como consecuencia do seu traballo.

Dentro deste novo marco normativo nacen toda unha serie de conceptos, dereitos, obrigacións e necesidades que pasaremos a desenvolver neste manual, co obxectivo de que ao finalizar este curso, o alumno estea capacitado para desenvolver en condicións óptimas as funcións que a actual lexislación atribúe aos Técnicos de Nivel Básico en Prevención de Riscos Laborais:

- a) Promover os comportamentos seguros e fomentar o interese e cooperación dos traballadores na acción preventiva.
- b) Promover as actuacións preventivas básicas e efectuar o seu seguimento e control.
- c) Realizar avaliacións elementais de riscos e, no seu caso, establecer medidas preventivas.
- d) Colaborar na avaliación e o control dos riscos xerais e específicos da empresa, efectuando visitas para o efecto, atención a queixas e suxestións, rexistro de datos e cantas funcións análogas sexan necesarias.
- e) Actuar en caso de emerxencia e primeiros auxilios, xestionando as primeiras intervencións para o efecto.
- f) Cooperar cos servizos de prevención, no seu caso.



CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE GALICIA



Co financiamento de:



Planificación temporal: 20/09/19 A 26/10/19

Horario: Venres de 15:00 a 21:00 e sábados de 08:30 a 14:30 h.

Municipio de impartición: Lugo

SETEMBRO						
L	M	M	J	V	S	D
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30						

OUTUBRO						
L	M	M	J	V	S	D
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30	31			

Programa formativo:

- I. Conceptos básicos sobre seguridade e saúde (10 horas)**
 - O traballo e a saúde. Os riscos profesionais. Factores de risco
 - Danos derivados do traballo. Os accidentes de traballo e as enfermidades profesionais. Outras patoloxías derivadas do traballo
 - Marco normativo básico en materia de prevención de riscos laborais. Deberes e obrigacións básicos nesta materia.

- II. Riscos xerais e a súa prevención (25 horas)**
 - Riscos ligados ás condicións de seguridade
 - Riscos ligados ao medio ambiente de traballo
 - A carga de traballo, a fatiga e a insatisfacción laboral
 - Sistemas elementais de control de riscos. Medios de protección colectiva e equipos de protección individual
 - Plans de emerxencia e evacuación
 - O control da saúde dos traballadores

- III. Riscos específicos e a súa prevención no sector da construción (15 horas)**
 - Diferentes fases de obra e as súas proteccións correspondentes (redes, varandas, estadas, plataformas de traballo, escaleiras, etc.)
 - Implantación de obra. Locais hixiénico-sanitarios, instalacións provisionais, etc.

- IV. Elementos básicos de xestión da prevención de riscos (5 horas)**



CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE GALICIA



Co financiamento de:



- Organismos públicos relacionados coa seguridade e saúde no traballo
- Organización preventiva do traballo: “rutinas” básicas
- Documentación: recollida, elaboración e arquivo
- Representación dos traballadores. Dereitos e obrigacións (delegados de prevención, comité de seguridade e saúde, traballadores designados, etc.)

V. Primeiros auxilios (5 horas)

- Procedementos xerais
- Plan de actuación

Número de horas: 60

Perfil do docente: Técnico Superior en Prevención de Riscos Laborais